

## Radio Escolar Sanguñeda



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 58-60

**Carlos Sever Valverde**

CEIP mestre Valverde Mayo (Sanguñeda-Mos)

csever@edu.xunta.es

Non é doado expresar nun número limitado de caracteres toda una experiencia educativa como é a radio escolar que comezou no noso centro hai máis de trinta anos, para ser exactos aló polo ano 1987; nese momento era o último en tecnoloxía, pois daquela non existían nin os móbiles actuais, nin había acceso a Internet e o uso dos ordenadores estaba por chegar.

Tentarei pois resumir o máis posible, tentarei non esquecer nada (esta premisa é difícil lograla) e sobre todo tentarei dar a coñecer o paso de tantos nenos e nenas por esta experiencia educativa.

O máis sinxelo será explicar o día a día, facendo nalgún intre mencións ao pasado, a como xurdiu a nosa radio escolar, os medios iniciais, o xeito de traballar etcétera; deste xeito será máis doado de entender de onde vimos e onde estamos.

A Radio Escolar Sanguñeda (nome posto polo alumnado) está presente na vida diaria do centro: ás 9.00 horas o alumnado encargado de controis prepara todo para ás 9.15 horas, momento de comezar a xornada escolar, poñer a música de entrada (no noso centro desde 1987 non existen sereas nin timbres para indicar o comezo das clases). Despois, ás 11.45, o mesmo alumnado porá a música que inicia o tempo de recreo; ao remate, arredor das 12.15, o alumnado encargado do programa dese día porá igualmente a música de entrada nas aulas indicando a fin do programa de radio diario e o remate do tempo de recreo. Por último, ás 14.15, volverá soar a sintonía de saída para indicar o remate da xornada dese día. Todas as sintonías empregadas, como a de cabeceira, seccións, e entradas e saídas están baixo licenza Creative Commons.

O inicio da xornada non se queda simplemente na preparación

de sintonías de entradas e saídas, xa que comeza tamén a preparación de programa que se desenvolverá ese día no tempo de recreo: hai que ver que grupo de locutores e controis ten quenda ese día, comprobar a programación, que alumnado é o encargado das distintas seccións e que alumnado pasará ese día polos nosos estudos. Existe unha programación semanal coas seccións fixas diarias que son as que se ven no cadro.

son semiprofesional, dous PC, seis micrófonos, dúas etapas de potencia (para o exterior e o interior), catro altofalantes interiores que cobren os corredores e tres altofalantes exteriores que cobren a zona do patio.

Na actividade de radio escolar participa a totalidade do alumnado e do profesorado do centro, e quizais este sexa o segredo do seu éxito. Realmente a organización non mudou moito dende os inicios ata hoxe en

a igual un neno ou nena co mestre/a de compañeiro/a. Son os máis veteranos os que aprenden aos noveis no manexo e no xeito de desenvolverse na radio, ben no rol de locutor ou no de manexo de controis. Fago fincapé no de máis veteranos, non os de maior idade, pois é realmente satisfactorio ver como un neno de 4º lle explica a un alumno de 6º que botón hai que premer, que hai que dicir, como

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación</li> <li>• Felicitacións aniversario e santoral</li> <li>• Efemérides</li> <li>• Novas do día co alumnado de 6º</li> <li>• Novas da Louriña co alumnado de 6º</li> <li>• Predición meteorolóxica co alumnado de 5º</li> <li>• Deportes co alumnado de 3º</li> <li>• Música Dedicatorias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación</li> <li>• Felicitacións aniversario e santoral</li> <li>• Efemérides</li> <li>• Novas do día co alumnado de 6º</li> <li>• Novas da Louriña co alumnado de 6º</li> <li>• Predición meteorolóxica co alumnado de 5º</li> <li>• Música Dedicatorias: TOP KARAOKE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación</li> <li>• Felicitacións aniversario e santoral</li> <li>• Efemérides</li> <li>• Novas do día co alumnado de 6º</li> <li>• Novas da Louriña co alumnado de 6º</li> <li>• Predición meteorolóxica co alumnado de 5º</li> <li>• Música Dedicatorias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación</li> <li>• Felicitacións aniversario e santoral</li> <li>• Efemérides</li> <li>• Novas do día co alumnado de 6º</li> <li>• Novas da Louriña co alumnado de 6º</li> <li>• Predición meteorolóxica co alumnado de 5º</li> <li>• Música Dedicatorias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación</li> <li>• Felicitacións aniversario e santoral</li> <li>• Efemérides</li> <li>• Novas do día: Alumnado de 6º</li> <li>• Novas da Louriña: Alumnado de 6º</li> <li>• Predición meteorolóxica 5º</li> <li>• Carteleira de cine co alumnado de 4º</li> <li>• Música Dedicatorias</li> </ul>

Toda a programación está recollida na páxina web do colexio na sección de radio: <http://www.ceipmestrevolverdemayo.es/radio.html>

Hoxe en día contamos cuns medios plenamente satisfactorios para desenvolver o noso traballo; atrás queda aquel inicio onde só tiñamos un altofalante que se colgaba dunha fiestra todas as mañás e se retiraba ao finalizar a xornada, un estudio de radio baixo as escaleiras sen diferenciación de zona de controis e locutores, e menos sen insonorizar como está na actualidade. Contabamos daquela cun pequeno amplificador, unha platina (propiedade do mestre) para poñer as sintonías e músicas do día e dous micrófonos. Hoxe contamos cunha mesa de

día. A principio de curso dáse-lle a coñecer ao profesorado o Plan Anual de Radio Escolar Sanguiñeda: obxectivos, propostas para o curso, calendario de programas de aula, seccións de aulas etcétera. Ao comezo das clases, no mes de setembro, normalmente o segundo día, convócase unha xuntanza para que poida anotarse todo aquel alumnado dende 3º a 6º de Primaria que queira participar no tempo de recreo como integrante de controis ou locutores. No presente curso contamos con 21 parellas de controis e 16 parellas de locutores.

Establecemos os grupos e as quendas semanais: hai que salientar que nestes grupos participan tamén mestres e mestrás, e é moi interesante ver de igual

empregar o software do PC etcétera.

E chegando a este punto, xa case temos todo listo, organización do alumnado coas quendas e grupos de locutores e controis, a programación diaria... Agora vén o traballo dos titores: dende 3º a 6º de EP teñen asignada unha sección (ver programación semanal), de modo que os titores xunto co alumnado preparan as novas, o tempo, a carteleira e os deportes, e agora si que xa estamos listos para poder comezar o noso programa do día. O grupo de controis prepara as sintonías: a carátula, a de aniversario para felicitar ao alumnado que ese día cumpre anos, a sintonía de novas, a de predición meteorolóxica e todas aquelas seccións que es-



tean na programación. Mentres tanto, os locutores procuran a información necesaria para realizar o seu traballo: comprobar o santoral do día, se hai alumnado de aniversario, as distintas seccións que se van desenvolver e... comezamos: "Ola a todos e todas que estades no patio, comezamos un día máis coa vosa Radio Escolar Sanguiñeda..." Entran uns, saen outros, así ata que ás 12.15 horas chega o remate do programa e a volta ás aulas. Vinte minutos dun traballo intenso, pero reconfortante ao ver como día a día se van superando, como a autoestima vai medrando, as relacións que se van establecendo e a aprendizaxe, sobre todo a aprendizaxe.

Aquí aínda no remata todo porque xa explicamos a participación do alumnado e dos mestres, pero ademais falla por explicar a participación das aulas, posto que, á parte desta programación diaria, cada nivel educativo dende Educación Infantil de 3 anos ata 6º de Educación Primaria realizan un programa trimestral no que participa a totalidade da clase. Os temas son variados e sempre reflicten o traballo que se está a facer na aula neses momentos. Estes programas son gravados dixitalmente e subidos á nosa web (<http://www.ceipmestrealverdemayo.es/audiogramaudio/20172018/programasradio.htm>) para que poidan ser escoitados por parte das familias e do propio alumnado. Atrás quedan os tempos nos que os programas quedaban impresos en casete e que os escoitabamos unicamente nas clases, dado que hoxe as novas tecnoloxías permítenos chegar máis aló. Precisamente, co motivo do noso 25 aniversario, recuperamos algúns daqueles programas (un por cada ano de existencia) e témolos dixitalizados no noso blog: <http://radioescolarsanguineda.blogspot.com.es/p/25-aniversario.html>. Receitas, consellos para mascotas, música para os máis pequenos, que sabes de..., mesmo unha radionovela formou parte da nosa programación naqueles anos.

Unha das seccións que aínda permanece dende o inicio e que mellor acollida ten é a sección de dedicatorias. O alumnado pode enviar vía web ou de forma analóxica unha dedicatoria onde solicita unha canción para un compañeiro, unha compañeira, para a súa familia, para o seu profe... Cada curso escolar temos unha media de 2500 dedicatorias, estando o récord en 5503 no curso 2014/2015.

Queda falar da participación das familias, posto que tamén poden participar formando parte dos grupos de controis ou locutores e, se ben este curso non

hai ningún pai ou nai que forme parte dos equipos, en cursos pasados si o fixeron e a experiencia foi moi positiva.

Se hai trinta anos esta experiencia comezou como unha actividade integradora e formadora, hoxe en día as distintas competencias recollidas na nova lei educativa están plenamente integradas e desenvolvidas nela. A Radio Escolar Sanguiñeda, lonxe de facerse vella, faise cada ano máis nova e confiamos que cumpra moitos, moitos anos máis.

É gratificante escoitar en moitas ocasións o alumnado dicir que se apuntaron á radio porque o seu pai ou nai estivo nela e lles gustara moito, unha mostra de que esta actividade con tanto arraigo no noso centro pasa de xeración en xeración, de como moitos lembran aqueles primeiros inicios, daquelas novas que deron ou daqueles concursos nos que participaron.

Seguro que queda moito por dicir, por contar, pero como indicaba ao inicio deste artigo é moi difícil condensar trinta anos nunhas liñas. Antes de rematar este artigo e coa licenza do editor desta revista quería dar as máis sinceras grazas a todos e todas, os que estiveron antes, os que están agora e os que estarán no futuro, a todos vós moitas grazas por facer realidade este proxecto. ■